

CONSELLO ASESOR:

ANTON COSTA - MODESTO

HERMIDA - MANUEL JANEIRO

- ANTON LAMAPEREIRA -

RAFAEL OJEA - MIGUEL

VAZQUEZ FREIRE



SEMANARIO DE

EDUCACION

DE FARO DE VIGO

Coordina:

JOSE A.º PEROZO

ANO II-Nº 64

Experiencias

Os Xogos Escolares do Condado

XOAN XOSE PEREZ LABACA

No curso escolar 79-80 a raíz dun cursiño de Educación Física para a 2.ª etapa de E.X.B. celebrado en Ponteareas, naceron os XOGOS ESCOLARES DO CONDADO a proposta de Xoán-Xosé Pérez Labaca, autor deste traballo e profesor de dito cursiño, que propuxo os participantes no mesmo celebrar uns encontros deportivos entre os colexios da bisbarra con un fin non competitivo. Esta idea tivo éxito e a partir de entón celebráronse unhas xuntanzas asamblearias das que naceu o primeiro comité Organizador. Os pasos a seguir foron moitos e moi variados

Os XOGOS DO CONDADO son uns encontros escolares de carácter lúdico con fins educativos. Dependen exclusivamente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e polo tanto da Delegación Provincial de dita Consellería na provincia de Pontevedra, ya que se trata, como logo se verá mais adiante, dunha tarefa puramente educativa. Naceron da necesidade que os alumnos dos colexios da comarca -totalmente rural e campesiña- poidesen facer algún deporte con alumnos, como eles, doutros colexios. Naceron da imposibilidade de participar nos tradicionais campionatos escolares, xa que os sábados non funciona o transporte escolar e o traslado dende as súas casas o colexio e retorno as mesmas faise difícil e tamén gravoso. O entorno social é probe. O nivel de vida é baixo e os recursos económicos mínimos, en xeral. Tamén polo xeral, considérase a Educación Física e o deporte como elementos secundarios no proceso educacional e casi un luxo. De aquí que a realización dos XOGOS DO CONDADO sexa unha tarefa difícil de levar a cabo, posto que os colexios situados nas extremas da bisbarra chegan a recorrer, para participar nas xornadas de actividade, cerca dos sesenta kilómetros entre a ida e o retorno. Somentemente con enorme interese, un grande tesón e unha grande vocación e sacrificio, estes Mestres (con maiúscula), destas zonas rurais, son capaces de levar os XOGOS adiante.

Estes encontros, ademais de formar deportivamente, artisticamente e culturalmente ós alumnos, serven para que estes coñezan a outros alumnos, a outros colexios e, tamén, ós pobos e vilas da súa propia bisbarra. Nelo vai a finalidade dos Xogos que é unicamente educativa polo que se consideran estas xornadas, de participación, a tódolos efectos **lectivos** xa que a lección é constante dende a saída do colexio até o retorno o mesmo. O non ser competitivos as diferencias técnico-deportivas que poideran darse entre os alumnos de diferentes colexios, lonxe de ser unha barreira ou causar traumas ó darse posibles resultados abusivos, serven, polo contrario, para que o nivel técnico vaia subindo: ensinando uns e aprendendo outros.

Estas reunións, coa finalidade de non perxudicar o normal desenvolvemento escolar dos alumnos e dos colexios, celebranse en días sucesivos de semanas seguintes, é dicir, si a primeira xornada faise nun luns, a seguinte será nun martes, a seguinte nun mércores, etc. e veñen a rexirse polas seguintes Normas Xerais:



1.-FINALIDADE

1.1.-A finalidade dos XOGOS ESCOLARES DO CONDADO é educativa sendo o seu obxectivo lúdico, dacordo coas últimas orientacións pedagóxicas. E dicir, o seu obxectivo é de participación dos alumnos en xornadas de convivencia deportiva, artística e cultural xa que deste xeito os alumnos participantes, ademais de coñecer ós alumnos doutros colexios, coñecerán os pobos e vilas da súa propia comarca.

1.2.-A finalidade é, polo tanto, educar a través das prácticas deportivas, artísticas e culturais logrando así a consecución dunhas pautas de comportamento que serven ó todo que forma o alumno e a súa educación.

1.3.-Non se establecerán clasificacións e os resultados dos encontros deportivos, entre centros, terán o valor que se desprende do xogo como tal. Nas actividades artísticas e culturais non existirán valoracións que poidan dar orixe a calquera tipo de comparacións. O facelos traballos motivárase a orixinali-

deixando claro a filosofía dos Xogos en todos aqueles estamentos públicos e privados que daquela se visitaron. A boa acollida pola Delegación de Educación e mais pola Inspección Técnica de E.X.B., amais doutras entidades, déronlle a este primeiro Comité Organizador as forzas necesarias para seguir adiante. Hoxe os Xogos van pola VI edición e as diferencias daqueles primeiros a estes son notables. Hoxe podese dicir que os XOGOS DO CONDADO alcanzaron a maioría de idade.

dade, beleza plástica, creatividade, etc., tratando de que os nenos teñan en conta as distintas técnicas a empregar para a súa realización. Tódolos traballos feitos serán expostos sen excepción. Polo tanto rematado-los Xogos premiaranse por igual a tódolos alumnos participantes así como tamén serán iguais os premios para os colexios.

2.-ORGANIZACION

2.1.-A organización dos XOGOS faise dun xeito asambleario. A Asambleira estará constituída polos representantes de tódolos colexios participantes. Os representantes dos colexios terán todos voz e voto, entendéndose UN soio representante por colexio.

2.2.-A Asambleira, por maioría en votación, pode trocar calquera norma das establecidas para os Xogos, solicitar lectura de contas e actas, convocar asambleas extraordinarias mediante un escrito firmado pola terceira parte dos compoñentes, solicitar todo tipo de información e nomear ó Comité Organizador.

2.3.-O Comité Organizador será nomeado pola Asambleira. Serán candidatos para o mesmo tódolos representantes dos colexios participantes, podéndose nomear ben directamente ou, no caso de que ninguén quixese selo, por sorteo. O número de compoñentes do Comité Organizador será, como mínimo, de catro.

Nestos VI XOGOS ESCOLARES DO CONDADO resultaron eleixidos os representantes dos Colexios Públicos de: Arbo, Covelo, Mos "Pena de Francia" e Ponteareas n.º 2.

2.4.-Son funcións do Comité Organizador:

a) Vixila-la boa marcha dos XOGOS DO CONDADO.

b) Dar ós colexios todo tipo de información, tanto técnica como de interese xeral.

c) Dar conta a Asambleira das xestións que vaian facendo.

Experiencias

Os xogos do Condado

Ven da pax. 25

d) Colaboar cos colexios que realicen as actividades na súa localidade en todo tipo de axuda e asesoramento.

e) Convocar as Asambleas ós representantes dos colexios participantes.

f) Leva-la contabilidade xeral dos XOGOS.

g) Facer pagos e recibir subvencións.

h) Realizar as compras que sexan necesarias, fixar dietas, facer transaccións, etc., dando conta a Asamblea cando cumpra facelo.

i) Establecer todo tipo de relacións e contactos cos m. lios de comunicación social co fin de darlle maior realce os XOGOS.

k) Nomear ós membros do Comité de Honor dos Xogos, así como tamén invitar as autoridades ós actos de inauguración e clausura.

3.-FINANCIACION

3.1.-A financiación dependerá da aprobación pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia dos presupostos confeccionados polo Comité Organizador.

3.2.-O transporte, tanto nas xornadas de zona como nas xornadas xerais, corre a cargo da Delegación Provincial da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

3.3.-Polo Comité Organizador recabarase todo tipo de axudas económicas e de carácter xeral a entidades, organismos, institucións, etc., tanto oficiais como privadas.

4.-COLEXIOS PARTICIPANTES

4.1.-Participan nos XOGOS ESCOLARES DO CONDADO tódolos colexios da comarca que o desexen e fagan a súa inscrición.

4.2.-Colexios participantes tanto de zona como de carácter comarcal nos VI XOGOS DO CONDADO:

ZONA 1 (SALCEDA)

C.P. Salceda
C.P. Salvaterra
C.P. Leirado
C.P. Alxén

ZONA 2 (CAÑIZA)

C.P. A Cañiza
C.P. Crecente
C.P. Valeixe
C.P. Arbo
C.P. As Neves

5.-ACTIVIDADES DEPORTIVAS, ARTISTICAS E CULTURAIS; LUGARES DE REALIZACION E DATAS.

5.1.-En la Asamblea acordaronse as seguintes actividades e o calendario correspondentes:

ACTIVIDADE	LUGAR	DATA
Artística: Collage xeral Cultural: Grupos folclóricos e rexionais Deportiva: Fútbol e balón-tiro (brilé)	ARBO	22 de Xaneiro
Artística: Pintura (témpera) Cultural: Titeres e guiñol Deportiva: Carreiras de campo a través	SALVATERRA DE MIÑO	22 de Febreiro
Artística: Modelado Cultural: Canto coral Deportivas: Baloncesto e Mini-basket	PONTEAREAS	14 de Marzal
Artística: Collage mosaico Cultural: Videos Deportiva: Atletismo e Axedrez	MOS	19 de Abril
Artística: Dibujo Cultural: Grupos musicais Deportiva: Balonmán	COVELO	19 de Maio
Artística: Exposicións dos traballos feitos Concursos de redacción e fotografía. Cultural: Danzas populares e bailes rexionais Deportiva: Encontros dos deportes practicados con anterioridade	PORRIÑO	1 de Xunio

5.2.-Este calendario pode ser sometido a revisión, dacordo coa Asamblea, por causas alleas o Comité ou de forza maior.

ZONA 3 (LOURIÑA)

C.P. Porriño-Torneiros
C.P. Torneiros n.º 2
C.P. Sanguineda
C.P. Mos-Atín
C.P. Mos Pena de Francia
ZONA 4 (GANDARAS)
Sto. Tomás
C.P. Budiño
C.P. Tui n.º 1
Hnos. Quiroga
C.P. Porriño "Fdez. López"

ZONA 5 (TEA)

C.P. Pontareas n.º 1
C.P. Pontareas n.º 2
C.P. Pontareas n.º 3
C.P. Sant. Oliveira
E.G. Guláns

Santiago Apóstol

C. Inmaculada

ZONA 6 (MONDARIZ)

C.P. Mondariz
C.P. Vilar-Riofrío
C.P. Covelo

6.-NORMAS XERAIS TECNICAS DEPORTIVAS, ARTISTICAS E CULTURAIS

6.1.-As Categorías dos participantes así como a normativa dos distintos aspectos: deportivos, artísticos e culturais, daranse a cada un dos colexios participantes, despois da súa aprobación pola Asamblea.

Isto son os XOGOS ESCOLARES DO CONDADO. Traballo cosou chegar até agora, até esta VI edición pero os XOGOS están ahí e creo que han de seguir estando mentres haixa mestres como os que hasta hoxe estiveron e agora moito mellor que a nosa Consellería, a de Educación, asumíunos por enteiro.

Despois de pasar por riba do camiño durante cinco anos o camiño está feito. O camiño hoxe está limpo de silvas, toxos, matorrais, para que o andar sexa

cómodo e facil. O longo deste camiño viñeron a colocarse señais que hoxe son patrimonio dos XOGOS DO CONDADO. Estas señais son o escudo, a bandeira e mailo himno.

O escudo de XOGOS ten de fondo a bandeira de Galicia e sobre ela un facho encendido sobre tres círculos que representan as tres zonas principais que configuran o territorio físico dos XOGOS: O Condado, A Cañiza e A Louriña. A esfera terrestre, símbolo do maxisterio, cruzada por unha xabarina que ben representar a educación física escolar e mais un cacho de uvas, froito da nosa terra, que significa O Condado. Darredor van, en pequeno, os escudos dos concellos cuos colexios participan nos XOGOS.

A bandeira e branca porque brancas son as intencións dos nenos. Sobre ela unicamente van os tres círculos: verde, encarnado e amarelo, cuia significación explicouse mais arriba.

O himno dos XOGOS é orixinal, en letra e música, do noso compañeiro nas tarefas educativas Xosé-Xavier Ramos Pérez, daquela mestre de Covelo e hoxe de polas terras de Cuntis. A música e doce, sinxela e moi grata ó oído cando tódolos participantes a entonan, como se fora unha soa voz, nun canto alegre de amizade e unión. A letra é como sigue: Buscando no deporte a ledicia xuntándonos en fraternidade seremos todos compañeiros en percura dunha amizade E no Condado, esa terra que nos veu nacer hoxe celebramos unha festa co deporte que imos a facer. ¡Xogos do Condado, para noso ben! ¡Xogos do condado, eu tamén quero [facer!

Chegando están eses centos de rapaces das escolas que veñen pasa-lo día o Colexio que lles toca. Sexamos todos amigos haixa boa educación ¡loitemos polo deporte! ¡loitemos de corazón! ¡Xogos do Condado, para noso ben! ¡Xogos do condado, en tamén quero [facer!



AJEDREZ

Los que habeis seguido el curso de O Pizarrin ya sabeis como se anotan las jugadas.

Primero se escribe la inicial de la pieza que se mueve, excepto si se trata de un peón en cuyo caso no se pone inicial. Despues se anota la casilla adonde le llevamos. Cada una de las 64 casillas tiene un solo nombre, el formado por las 8 letras de la columna y los 8 números de la linea. En el diagrama 1 teneis el nombre de todas las casillas.

DIAGRAMA-1


	a	b	c	d	e	f	g	h	
8	a8	b8	c8	d8	e8	f8	g8	h8	8
7	a7	b7	c7	d7	e7	f7	g7	h7	7
6	a6	b6	c6	d6	e6	f6	g6	h6	6
5	a5	b5	c5	d5	e5	f5	g5	h5	5
4	a4	b4	c4	d4	e4	f4	g4	h4	4
3	a3	b3	c3	d3	e3	f3	g3	h3	3
2	a2	b2	c2	d2	e2	f2	g2	h2	2
1	a1	b1	c1	d1	e1	f1	g1	h1	1
	a	b	c	d	e	f	g	h	

unha sección de FRANCISCO CARRERA PEREZ

Mate en 4

La misión más importante de un ejedrecista es capturar al rey contrario. La mayoría de los mates tiene como protagonista a la dama. Sin embargo ni la dama es capaz de dar mate en solitario, necesita el apoyo de alguna otra pieza, el rey en este caso.

A ver como os las arreglais para capturar al rey negro en solo 4 jugadas. La solución en el próximo número.



A xanela



HEIDI

JOHANNA SPYRI. Colección Laurin. 336 págs.

Este título recoge los dos libros en que Johanna Spyri narra las aventuras de Heidi: las experiencias e impresiones de una niña que descubre el mundo a través de la belleza natural del agreste paisaje alpino y de las sencillas costumbres de sus habitantes.

Trasladada luego a una gran ciudad, la pequeña Heidi entra, como una ráfaga de aire vivificador, en la vida de una familia acomodada de rígidos esquemas tradicionales. El libro es un canto a la naturaleza y a la amistad, impregnado de ternura y magníficamente ilustrado por Tomi Ungerer, que nos presenta, con su habitual maestría, unos personajes y un entorno llenos de gracia y espontaneidad.

O Pizarrin

Coleccionable
para os moís pequenos

Nº 7

Complemento de «A Pizarra» de FARO DE VIGO - ANO II Domingo 17 de Febrero de 1985



O Antroido

O antroido, antruejo, carnaval, que de todos estes xeitos se chama, é unha das festas máis antigas da civilización.

Ningún recorda o seu comenzo e se celebra en moitas partes do mundo de maneiras moi semellantes. Galicia ten unha longa tradición antroidal.

"O NAUFRAXIO"


NO ENTANTO NA COSTA...



BUSQUEMOS ENTRE OS MATOS



¡CALA! ¡ESCOITA! ALGUEN ANDA CABO DAQUELES MATOS



CRASH
CRASH






¡A POR ELES!



¡VIVA!
¡XUNTOS DA NOVO!

Secuencia

NORBERTO FERNANDEZ




KLINK!



NOTA

COMIC 1978



O Antroido

¡Ai que Coresma!

CLODIO GONZALEZ PEREZ

Na miña terra, aló no Ribeiro de Ribadavia, cando unha persoa é fraca, rara ou que non come de todo, dise dela que "é unha coresma" ou "¡ai que coresma!". Non sei cando os meus devanceiros empezarian a facer uso destas dúas expresións, pro coido que debeu ser dende hai moitos anos ou séculos, cicais dende a Edade Media. tivo que ser daquela, cando o Antroido non era máis que a despedida da boa vida, pra encetar coa chegada do Mércores de Cinza (ou **Terza Feira Gorda**) os xexúns, tanto de bandullo como de sexo, poño por caso. Lémbrame neste intre dos autores que falaron verbo das prohibicións relixiosas (cristiáns) dos días seguintes ó Antroido, é dicir, das sete semáns da Coresma. Tal era o medo á relixión, que tódolos que nacían nove meses despois eran "setemesinos", xa que se había que abster das relacións sexuais.

Galicia, e España en xeral, non foi allea a estas prohibicións, anque ós nosos días tan só chegasen aquelas que se refiren ás vixilias e xexúns. Claro está, que cómpre dicir por se é que despois nos esquentemos, que moitas delas a quen máis afectaban era a aqueles que xa por imperativos --non precisamente relixiosos-- tiña que xexua-lo máis do ano. Prós que xantaban carne a cotío había a "Bula" que, cuns cantos reás, xa lles permitía pasa-la Coresma sen enterarse moito dela.

Adeus ás larpeiradas e enchentas de carne ou de touciño --je gracias cando é que o había!--. A musa popular non se esqueceu tampouco de darlle a despedida:

Adios Martes de Antroido,

**adios, meu amiguiño,
astra o domingo de Pascua
non comerei máis touciño.**

Non era de estrañar que subise de precio o peixe, e o bacallao en particular. Había que trocar denantes da chegada do Mércores de Cinza o cainzo dos chourizos polo das sardiñas salgadas e millor se eran con sal e non coa salmoira da carne do porco, ¡non fora o demo que se condenase un por unha pouca grasa de marrao!. Subía o consumo do aceite e naquelas bisbarras onde había --e hai-- oliveiras gardábase pra estes días coresmáis. Claro que dende que ó Marqués de Sargadelos, Antonio Raimundo Ibáñez, se lle deu por importar grandes cantidades de aceite andaluz, este preciado líquido deixou de ser tanto en Galicia como en Asturias lambetada dos poderosos, nombres ou burgueses. Por decontado que dende aquela o aceite non se vendé nas boticas como medicamento. Tamén dende esa data, aló polos últimos anos do século XVIII, tanto en Galicia como en Asturias a Coresma foi máis levadeira, máis liviá ¡xa se podía come-lo caldo, anque fose con aceite!.

Hoxendía a señora Coresma non é aquela vella enrugada, con máis cara de meiga chuchona que de avoa lambeteira, que se representaba con sete pernas, aicando cada unha delas a unha semá chea de xexúns, vixilias e demáis. E trocando de tema, ¿o amigo leutor sabe a resposta da seguinte adiviña?:

**Unha nai con sete fillas:
cinco xustas,**

**unha santa
e outra con falta.**

Coido que si, Lémbrase da vella das sete pernas.

Tal era o medo que se tiña a estes días, que até o arcipreste de Hita, o amigo Xoán Ruiz, --aquel de quen dixo Azorín que o acougo e o esquentamento non eran pra el, senón a animación, o barullo e os placeres fortes e as sensacións enérxicas--, repito pra non perde-lo fio, que até o bo Xoán Ruiz tremaba coa súa chegada:

**Acercándose viene un tiempo
de Dios ssanto.]**

**Fuime pra mi tierra por folgar al-
gund quanto;]**

**Dende á ocho días era Qua-
resma: al tanto]**

**Puso por todo el mundo miedo e
grand espanto.]**

¡E non era pra menos, tendo en conta os costumes do amigo arcipreste!.

En contra do Antroido, xuvenil, xoguetón e lambeteiro, xurdiu a Dona Coresma representada por unha vella, franca, fea e roñona, que anque en Galicia non temos documentado o feito, noutras partes de España era pendurada nunha praza ou rúa e ali estaba até que chegaba o Domingo de Resurrección ou de Pacua. E máis, como tiña sete pernas, cada semá que pasaba a mocidade ialle quitanto unha até que a deixaban coxa de todo. ¡Menuda festa ese día!. ¡Adeus ás abstinencias e ós xexúns!. Xa se podía volver a comer de todo: carne, touciño, chourizos, o caldiño con unto,... O bacallao e o aceite quedaban tan só prós días sinalados, de festa.

A señora Coresma morreu ¡Viva a señora Coresma!.



A Coresma, segundo unha grabura antiga.

Coplas do carnaval

Os homes na luna xa están
En ela celebran xa o carnabal
Que pena me da non ser Supermán
Para en ela estar e celebrar o
[carnabal.

A mín gústame o carnabal
E o antroido porque iso e o
[carnabal

Ojalá dure moitos anos mais
Porque a bomba nuclear pronto vai
[a estalar.

¡Hay! Socorrerme
Que a bomba nuclear vai a estalar
E adiós a o carnabal.


Hector García Mouro
3º E.G.B. Colegio 6 de Nadal. Coia.

Libros

Das cousas de Ramón Lamote

XESUS GONZALEZ GOMEZ

Paco Martín é un daqueles narradores dos que o que isto asina sempre espera cousa boa, inda que a sua última entrega narrativa non seña do meu particular gosto, até o título non me agrada: estou a falar de **E agora cun ceo de lama**. E como sempre espera do escritor lugués cousa boa botouse a ler o libríño que para adolescentes lle enviaron a casa: **Das cousas de Ramón Lamote**, publicado conxuntamente entre Galaxia e Edicións SM (de triste lembranza para min, xa que eran os textos que tiña de física-química e de matemáticas no meu bacherelato) e que gañou o primeiro premio O Barco de Vapor en lingua galega. E lino dun tirón, pois a lectura é doada e o texto non é longo, todo axuda.



O presente volume, cunhas estu-pendias ilustracións de Balboa, esta dirixido a aqueles que teñen agora a idade do pavo, é dicir, dos 12 en adiante. A idade en que empeza o cambio, din. A idade en que, segundo moitos pedagógos, se lles pode iniciar á lectura aos rapaces, á lectura de cousas boas (sic.). E aquí empeza todo. E todo quer dicir: qué len os rapaces de 12 aos 17 anos que se saiba ven moita televisión, máis tamén -ao parecer- tamén hai algúns que len. E aquí está o difícil ¿qué lles pode gustar? todo aquel que escribe para os rapaces desta idade está na mesma situación que o xogador de ruleta pode ou non pode acertar, non hai recetas e por iso o que isto asina pensa que o máis válido para falar destas cousas sigue a ser a experiencia personal, e por iso eu calo, xa que até os 16 anos devoraba coma un lobo a Marcial Lafuente Estefanía, Joe Kane, Alf Manz ou Siver Kane ilustres escritores que non figurarán nunca nas entoloxias de textos literarios nin nas historias de literatura. E por iso ao que isto asina difícil lle é dar un xuicio sobre o presente volume de relatos para mozos menos mozos. O que si se pode dicir, por exemplo, é que está ben escrito, que Paco Martín chimpase a un campo novo dentro da narrativa galega, e que os seus relatos poden ser resultóns xa que hai humor neles, imaxinación e -tal vez demasiada- fantasía. Un, con todo, pensa que estes relatos deixan ver nun intre determinado un algo de moralina, de esquerdas, se queredes, mais moralina ao remate, e iso é un fallo porque se aos novos se queren dirixir estes autores, pensa o que isto asina, que sobre toda ollada moralista sobre un mundo que, moitas veces, non é real. Aclaremos puntos, non estou a dicir que os relatos para os rapaces desta idade teñan que ser realistas -lonxe de min tal idiotéz!- senon que ao ser ás veces os relatos descripcións de muchos e cousas

que non existen, sobra toda moralina, xa que o que ten que producir no rapaz é desexo de ler, vicio de ler, o impune vicio da lectura, que non sei quen dixo. Para rematar: o que isto asina pensa que o que ten que producir no rapaz o libro que lle caía nas mans é incirramento a ler, a seguir lendo o libro que ten nas mans e outros libros. ¿Acaba isto o presente volume de Paco Martín? Non podo meterme na pel ni no mundo dun rapaz de 13 anos, por iso non podo dicir nada, a min interesoume o libro, interesaronme, en certa maneira, as cousas deste Ramón Lamote, e interesaronme sobre todo por aquilo que o autor deixa no tinteiro, por aquilo de non querer agotar vías nin querer desvear misterios. En fin, lino con agrado mais a reseña de tal libro debían facela rapaces e rapazas da idade que come. Un, ao remate, dá pensar que o presente é un libro conseguido en parte, outra acaba pensando que tal vez lle falte algo que encirre aos lectores novos: aventuras, lugares por eles identificables e, sobre todo, o seu mundo particular. No remate pensa que tal vez sobren guiños aos rapaces: "Adriano xoga, no seu cuarto, cunha pelota feita de papeis despois de renunciar a entender nada do que fan os adultos" e cousas semellantes. Xa para acabar, un pensa que isto da literatura para rapaces é moi difícil, e que os rapaces buscanse os seus propios libros, eu din cos Estefanía e company da Bruguera, outros, con máis sorte e paciencia, rematan dando cos Verne, cos London, cos Stevenson, ou xa os de hoxe- dos Tournier; mais un tamén pensa que se ben o presente volume non ten a capacidade de atracción dos nomes citados, Paco Martín ten todos os atributos para se converter nun gran narrador para mozos, faltan -tal vez- os temas, sobra, seguro, moralina. A esperar a próxima entrega e mentres procurar que os rapaces de 12 en adiante e -porqué non?- de menos idade lean este libro.

Autor-Lector, o la necesidad de comunicación

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

LA NOCHE DEL VIAJERO ERRANTE. Joan Manuel Gisbert. Editorial Labor. Col. Bolsillo juvenil. 105 páginas. Para lectores a partir de 12 años.


Decir Gisbert es decir Toklans, es hablar de sueños, acceder a escenarios fantásticos, es introducirse en misterios, es palpar, en definitiva, el País de la Fantasía.

La fantasía, lo fantástico, algo no muy prestigiado no hace tanto en nuestro país es uno de los caminos más diáfanos en la actualidad y en él, han encontrado su situación escritores tan prestigiosos ya, como Miguel Obiols, Joles Sennell, Fernando Alonso o el anteriormente citado Joan Manuel Gisbert, entre otros. Es este un escritor con la conciencia clara de lo que su oficio significa dentro del mundo en que se mueve y cada libro suyo es una auténtica reflexión de todo ello. Ya me había impresionado con "El extraño adiós de Odiel Munro" y con su libro "La noche del Viajero Errante" ha vuelto a fascinarme con esa sensibilidad dentro de la fantasía, que en un escritor de literatura de ficción se hace fundamental.

Con un estilo de vieja leyenda "La noche del Viajero Errante" muestra el largo camino que el protagonista (el Viajero) ha de realizar hasta encontrar su propia identidad. Totalmente perdido en un mundo de personajes misteriosos y enigmáticos que le van saliendo al paso, busca desesperadamente a la persona que le restituirá su verdadero sentido de vida. Todo ello en medio de maravillosas descripciones que dan profundidad literaria al texto.

La relación autor-lector está simbolizada aquí por el Viajero Errante y por la Mujer-Niña respectivamente. Es en este último personaje, en donde se reflejan los sentimientos de los lectores cuando disfrutan de la belleza de los textos; el goce que producen las historias que muestran el mundo de los desconocidos y hasta ese punto de reflexión que puede suscitar la naturaleza humana del creador de relatos, tantas veces necesitado del aliento de sus lectores. Es esto último el tema central del relato.

El autor necesita esa comunicación con el lector, pues se ve sometido a embates diversos que provocan en él frecuentes desánimos. Basta una carta, un nimio incentivo, para para que el pulso



imaginativo del autor vuelva a latir y se renueve su ansiedad de comunicación.

Es esta narración una parábola dividida en dos partes perfectamente diferenciadas. Una primera, en la que nos encontramos un lenguaje, unas imágenes complejas, que crean una atmósfera de aventura misteriosa muy particular.

A medida que el relato avanza la complejidad del lenguaje se va diluyendo y se va haciendo más cercano a las características de la narrativa de hoy: esta sería la segunda parte bien distinta de la anterior. Es el paso de la fantasía a la realidad; de la aventura a la reflexión sobre uno mismo, con el único vehículo de la palabra.

Los últimos capítulos, dentro del conjunto de la narración, me resultan especialmente ingeniosos y hasta cierto punto inesperados. Cuando comienzas a leer el libro no puedes sospechar el final, ni en el fondo ni en la forma, aunque esta, como hemos dicho ya, ha ido evolucionando a medida que el objetivo marcado por el autor se vislumbra en su original desenlace.

Hermoso libro, pues, en el que la conjunción realidad-fantasia demuestra claramente que, estos estilos no sólo pueden vivir independientemente, sino que cuando se encuentran escritores de la maestría de Joan Manuel Gisbert se llegan a hacer totalmente inseparables.

Maxistérico

PEPE CARREIRO



Viaxe polos colexios galegos

PAIDOS

Colegio Niño Jesús de Praga

VIGO

El Colegio "Niño Jesús de Praga" fundado por las Hijas de la Caridad de San Vicente Paul nació como guardería en el año 1903, en el casco viejo de Vigo. Era guardería para hijos de mujeres que iban a trabajar a las fábricas, más que para realizarse, para poder subsistir, por lo que era gratuita. Una junta de señoras constituía una especie de patronato que se encargaba de financiar la obra. Pero hubo problemas para cubrir gastos. Entonces...

-Aquellas damas tuvieron la idea de crear un "colegio de pago" y con sus ingresos sostener la guardería, nos explica Sor Carmen González, veterana profesora del Colegio, que acompaña a la directora, la hermana María Luisa Palomar que hace poco tiempo que está entre nosotros.

-De ese modo nació el colegio, suponemos...

-Sí. Era el año 1908 y la familia Del Río donó los terrenos a las damas protectoras, porque la congregación no podía poseer bienes. Pero aún así había problemas y, en consecuencia, nuestros superiores comprendieron que sería más operativo que fuese nuestra la propiedad. La familia donante recompró los terrenos y nos los donó.

-El colegio ha nacido para los pobres y sigue siendo de los pobres y para los pobres. Los que vienen aquí tienen en cuenta esta característica y colaboran para que efectivamente pueda ser así, añade Sor Carmen. Y la directora asegura que...

-Hay una sensibilidad entre las niñas muy grande, sobre las necesidades de los demás. Se ve en campañas del hambre, cáncer, Domund, etc.

-¿No hay, entonces alumnas de clase acomodada?

-Un pequeño porcentaje son niñas de clase media acomodada, bien. Y es de notar que éstas buscan amigas entre las pobres. En los pasillos, en los recreos en el patio no se forman grupos de clases, dice la hermana Carmen.

-Hay tendencia a ir con los más débiles. Por otra parte los padres de esas niñas mejor situadas económicamente, están mejor formados religiosamente y entre ellas hay una vivencia cristiana, que han transmitido a sus hijas.

-Este centro, por lo que dicen, es muy antiguo, sin embargo las instalaciones están muy remozadas. ¿Desde cuando está así montado?



-El colegio aunque por lo dicho nació para obtener beneficios para sostener la guardería para hijos de madres trabajadoras, fue evolucionando y siempre tendió a los pobres. Hace 18 años se iniciaron las obras de ampliación y modernización, de modo que hace unos 16 funciona prácticamente como ahora, nos aclara Sor Carmen.

-¿Cómo enfocan la asistencia a los pobres actualmente?

-En la guardería un alto porcentaje no paga nada, otros pagan una parte. Y lo mismo ocurre con los párvulos. En cuanto a EGB, estando subvencionadas al 100% tenemos derecho a cobrar una cuota de 480 ptas. Pues bien: un 20% aproximadamente tampoco pagan esa cuota.

-La media de alumnas por aula es un tanto elevada, ¿no le parece, Sor María Luisa?

-Sí, esta entre 40-45 alumnas. Un poco elevada sí. Cada curso tenemos que rechazar muchas peticiones, en EGB fundamentalmente, por falta de



CAMESELE

espacio. Siempre aparecen casos extremos para los que vamos haciendo un huequecito y acabamos rebasando una cifra, sino ideal, aceptable. Este año en preescolar hemos podido recibir más alumnos, pero de 3 y 4 años solamente.

-¿Qué destacaría en este colegio?

-Llevo poco tiempo aquí, pero he captado unas relaciones muy llenas de sencillez, de acogida, servicio a las necesidades de las familias y de los niños, buscando siempre una promoción integral de las alumnas.

-¿Problemas?

-Hay más bien problemas económicos, sobre todo porque no siempre llega la subvención puntualmente.

-¿Alguna particularidad en la organización pedagógica?

-Nuestra comunidad de Hijas de la Caridad tiene un ideario que intenta continuar la obra de Vicente de Paul y Luisa de Marillac. En él destaca una preocupación por los más débiles en lo económico, en su capacidad intelectual u otro tipo de limitación. Estamos llevando a cabo la elaboración del proyecto educativo; tenemos un reglamento de régimen interno; existe una buena coordinación entre el profesorado, que es muy bueno, y con la Asociación de Padres.

-¿Cuál es el papel de la APA?

-Colabora mucho. Casi todos pertenecen a la Asociación desde hace algunos años. Están muy preocupados los padres y colaboran muy eficazmente en fiestas, en programaciones diversas, actividades extraescolares, etc.

-¿Qué piensa del fracaso escolar?

-Yo diría que influye mucho el ambiente familiar. Son bastantes numerosas las familias desunidas, los medios de comunicación influyen muchísimo. Y por nuestra parte también quizás necesitamos un mayor acercamiento a los niños. También la subvención de valores que vivimos.

-¿La televisión quizás es fuente de problemas?

-Sí. Las alumnas suelen conocer todos los programas. Y ello les resta mucho tiempo de estudio, de modo que en las clases tenemos que trabajar mucho para suplir esa carencia de trabajo personal.

-La sociedad actual tal vez esté impulsando a la juventud al pasotismo, decía la hermana Carmen. En muchos casos también puede ser importante la despreocupación de los padres por la cultura, porque ésta no les da de comer. Entonces el profesorado se encuentra con dificultades teniendo que realizar una doble tarea: motivar en exceso para quedarnos en un nivel medio.

-¿Actividades complementarias?

-Estamos poniendo en función un grupo de teatro, un coro, un grupo de baile; tenemos sesiones cinematográficas, visitas a museos, fábricas, clases de inglés pedidas por los padres, de guitarra, etc.

-¿Qué piensa de la renovación pedagógica?

-La renovación siempre es buena. Los profesores necesitamos una adaptación continua. Me parecen muy importantes los cursos del ICE, las Escuelas de verano, etc. pero encontramos un fallo y es que en algunas ocasiones, concretamente en los cursos de gallego, no han admitido al profesorado de los centros privados.

-Proyectos de futuro inmediato?

-Uno de los proyectos que tenemos es, partiendo de las actividades extraescolares, del tiempo libre de las alumnas, para una formación de las mismas y además pedido por los padres- crear en el Centro una especie de club juvenil para que pudieran venir las niñas los sábados y domingos a estas actividades, con mucha participación de ellas y del profesorado. Por otra parte ya tenemos una asociación, Juventudes Marianas Vicencianas, en la que participan 136 niñas del colegio, a partir de 5º curso, con unas reuniones, actividades y convivencias con alumnas de otros colegios de la provincia, e incluso de otros puntos de Galicia, León y Asturias.

-¿Cómo se enfoca la enseñanza del gallego?

-Creo que se está enfocando muy bien. La profesora especializada comienza ya las clases en preescolar, con los niños de cinco años, de manera muy activa, visual, incluso plástica, teniendo en cuenta que la mayoría del alumnado es castellano-hablante.

-¿Cómo sería el colegio ideal?

-No existe. Pero el que desearíamos es aquel en el que las alumnas se encontrasen a gusto y recibiesen una formación integral en todos los planos y que pudieran salir del colegio en condiciones de enfrentarse con la sociedad en un estado de suficiente madurez. Y, desde luego, llevar a cabo nuestro ideario en un ambiente de sencillez, respeto, familiaridad, alegría, austeridad y realismo para inculcar al alumno la integración social, la preocupación por el necesitado, la valoración del saber como medio para mejor servir a los demás y la inserción en la comunidad local y eclesial...

-En definitiva un centro en el que se palpe el espíritu de los fundadores, como éste de Vigo, en Arenal, 98.

FICHA TECNICA

NOME DO COLEXIO: Niño Jesús de Praga.

Dirección: Areal, 98- Telf. 212115 - Vigo.

Centro privado-subvencionado ó 100% e dirixido pola congregación "Hijas de la Caridad de San Vicente de Paul".

Funciona desde 1903. Coas actuals instalacións, desde 1968.

Número total de alumnos 581.

Guardería (de tres anos): 68 - En dúas unidades.

Preescolar 4 e 5 anos. 175 - Cuatro unidades.

E.X.B.. 338 - Oito unidades.

Número de profesores: 8 seglares e 9 relixiosas.

Centro mixto nos niveis de guardería e preescolar. Femenino por tradición, en E.X.B.

INSTALACIONES

Zona de patios. 1.500 m2. - Zona de ensino. 1.100 m2.

Comedor: 110 alumnos.

Dispón de biblioteca de estudio e documentación para o profesorado e de outra, voante, para as alumnas; zona de pretecnoloxía que este ano está cumprindo outro fin; conta tamén cun pequeno ximnasio, salón de actos, laboratorio. En preparación zona polideportiva para tenis, baloncesto e balonmán.

SERVICIO PSICOPEDAGOGICO: funciona compartido con outros dous colexios de Vigo.

No curso pasado obtiveron Graduado Escolar 37 alumnas, Certificado 7.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

